



Ante o feminicidio de Rejane Soares en Covas (Viveiro)

Compañeiras, este mércores coñecemos a nova dun novo feminicidio na Galiza, desta volta en Covas, Viveiro. Con este, suman cinco os feminicidios oficiais neste País. Hai apenas un mes saíamos ás rúas por Estela Blach, asasinada en Baiona, hoxe enchemos as rúas e prazas da Galiza para berrar contra o feminicidio de Rejane Soares, de 42 anos, en Viveiro, que tamén deixa un fillo vítima de violencia vicaria.

Hoxe é a quinta vez este ano que nos mobilizamos contra os feminicidios na Galiza, cinco asasinatos machistas en doce meses, cinco vidas que foron arrebatadas, catro crianzas vítimas de violencia vicaria. E non é suficiente, non é suficiente para que as institucións vexan que hai que reformular como se atende a violencia, como se avalía, como non funcionan as políticas contra a violencia de xénero das que tanto se louvan.

Desde o ano 2010 van máis de 70 mulleres asasinadas na Galiza e a decisión da Xunta de Galiza é decretar un minuto de silencio, iso é o que valen as nosas vidas para o goberno galego: un minuto de silencio. Cada vez importa menos o terrorismo machista que arrasa as nosas vidas, as institucións póñense de perfil e fan rituais puramente estéticos que demostran a cero vontade política de atallar un problema que é estrutural e que non vai desaparecer se non se toman medidas que vaian ao fondo da cuestión, que eliminen as discriminacións das mulleres e que reeduquen a sociedade.

Cada feminicidio é un fracaso do sistema e ten que colocar sobre a mesa que debe haber un cambio de rumbo: maior investimento para a loita contra a violencia machista, dotar de recursos as estruturas existentes e crear as que fagan falla, hai que dotar os CIM de contido e de actividades, educar contra o machismo, garantir un tratamento digno nos medios de comunicación porque os feminicidios non son unha cuestión morbosa para frivolar.

Desde o feminismo galego non imos avalar ningún ritual estético que se desenvolva desde as institucións: nin lazos lilás nin minutos de silencio. Non imos permitir que se ritualice o evitable, que se ritualice a barbarie machista e a súa resposta institucional sexa estar un minuto caladas.

Ás institucións pedímoslles que tomen, dunha vez por todas, como unha absoluta prioridade política atallar a cuestión da violencia machista, que doten de contido e investimento as partidas de igualdade, que traballen pola erradicación do machismo en todas as súas formas.

Compañeiras, temos a obriga de organizarnos fronte quen quere manternos sumisas destruírnos, temos que seguir artellando a resposta social a un problema estrutural: o machismo. Hai que combater a violencia machista os 365 días do ano porque sen organización e sen loita social non hai conquistas para o feminismo!

Hoxe berramos alto e claro:

O MACHISMO MATA, NIN UNHA MENOS! QUERÉMONOS LIBRES E QUERÉMONOS VIVAS!

Por Rejane, por Estela, por Fadoua, por Mercedes, por Andrea e por todas seguiremos en marcha até que todas sexamos libres!